



Concello da Coruña

Area / Unidade RR.HH PE0000 EMCR	Documento 10819I05PN	
Código de verificación  0F70 2B2Z 5H4I 696R 08TJ	Expediente 108/2023/1709	
	Data 30-05-2025	

ANUNCIO

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA PARA A COBERTURA, POLA QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, DE 4 PRAZAS DE INSPECTOR/A DO CORPO DA POLICÍA LOCAL (SUBGRUPO A2), DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA DE SERVIZOS ESPECIAIS, C.E. 3/23 (BOP NÚM. 217 DO 14/11/2023).

1. Resolución das alegacións ao primeiro exercicio.

Examinadas as alegacións presentadas por varios aspirantes á plantilla provisional de respostas correctas do primeiro exercicio da fase de oposición do proceso selectivo, o Tribunal acordou por unanimidade o seguinte:

Alegación á pregunta núm. 80:

De conformidade co enunciado da pregunta, ao exceder a lonxitude do vehículo de 8 metros, o permiso de condución necesario é da clase "D" que require para a súa obtención unha idade mínima de 23 anos neste suposto concreto (artigo 4.2 do Real decreto 818/2009, do 8 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Condutores, na sección referida ao permiso de condución da clase "D").

De modo que a única resposta correcta é a opción d).

En consecuencia, desestímase esta alegación.

Alegación á pregunta núm. 108:

As respostas indicadas nas opcións a), b) e c) son incorrectas de acordo co IGE (Instituto Galego de Estatística), xa que existen 666 parroquias en Pontevedra, 10.445 núcleos de poboación en Galicia e 313 concellos en Galicia. O único dato certo é que o 76,9% das parroquias de España pertencen a Galicia, pois en Galicia hai 3.772 e no total de España 4.906.

De modo que a única resposta correcta é a opción d).

En consecuencia, desestímase esta alegación.

Alegación á pregunta núm. 109:

A pregunta está tomada literalmente do artigo 73.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de Patrimonio cultural de Galicia. Nese artigo está recolleito como correcto o camiño de Ovedo ou Camiño Primitivo, polo que o único roteiro que non se adecúa ao indicado no artigo citado é o da resposta A (Camiño de Oviedo).

De modo que a única resposta correcta é a opción a)

En consecuencia, desestímase esta alegación.



Concello da Coruña

Alegación á pregunta núm. 114:

As distancias están tomadas literalmente do manual de oposicións para Policías Locais de Galicia da Editorial MAD e citadas polo autor Edward Hall en 1993:

Distancia íntima (0-50 cm); distancia persoal (50-150cm); distancia social (150-350cm); distancia pública (máis de 350 cm).

En base a isto, a única resposta correcta, de acordo a esas distancias, é a opción c).

En consecuencia, desestímase esta alegación.

Alegación á pregunta de reserva núm. 2:

De acordo ca redacción do enunciado, pregúntase pola infracción tal e como está tipificada de forma expresa conforme ao tenor literal do artigo 77 c) do Real decreto lexislativo 6/2015, 30 de outubro, que aproba o Texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria.

De modo que a única resposta correcta é a opción d).

En consecuencia, desestímase esta alegación.

Alegación á pregunta de reserva núm. 3.

Estímase esta alegación e anúlase esta pregunta porque a norma de referencia que figura no enunciado é errónea.

2. As persoas aspirantes que superaron o primeiro exercicio da fase de oposición, co detalle das puntuacións obtidas por cada un, son os seguintes:

Apelidos e nome	Nota
FREIRE FERREIRO MIGUEL	7,56
SOMESO ANGUITA, DIEGO ALEJANDRO	6,33
OUTEIRAL CES, PABLO	5,89
PUENTE RAPELA, MIGUEL	5,78
BOUSO CARBALLEIRA, XOAN CARLOS	5,22

3. Convocar ás persoas aspirantes indicadas no apartado anterior, que superaron o primeiro exercicio, para a realización do segundo exercicio o día 10/06/2025, ás 16:00 horas, na aula de formación sita na 3ª planta do Palacio Municipal de María Pita.

As persoas aspirantes deberán acudir provistas do DNI ou documento equivalente que acredite a súa identidade.



Concello da Coruña

A Coruña na data da sinatura electrónica deste documento.

A secretaria do tribunal,
Elena M^a Ciudad Rojo